

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
A FUNDACIÓN EXPONAV PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE MUSEÍSTICA DA
DITA FUNDACIÓN ENTRE A MOCIDADE GALEGA.

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2016

EXPONAV ENTRADA	
Nº Reg. 418	Fecha: 24.08.2016
Archivo 006025	Indice: 11
CONVENIOS - CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL	

REUNIDOS


Dunha parte, Don Jose Manuel Rey Varela, que actúa en representación da Consellería de Política Social, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Doutra parte, o Almirante Xefe do Arsenal de Ferrol, D. Francisco Javier Romero Caramelo, actuando no seu nome e en representación da "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas - EXPONAV", co CIF G15944564, por delegación de funcións do seu Presidente de data 31 de outubro de 2012, de acordo coa facultade recoñecida no artigo 16 dos estatutos da fundación.

Todas as partes recoñécense plena capacidade legal de sinatura de convenios e manifestan que as súas facultades non sufriron modificación nin limitación ao respecto e, en consecuencia,

EXPOÑEN

I. Que o artigo 48 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos a promoción das condicións idóneas para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento económico, social e cultural.



23

Que a dita competencia atópase organicamente adscrita á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en virtude do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social correspóndenlle, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así mesmo, correspóndelle o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

II. Que a política xuvenil que leva a cabo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado trata de abarcar todos os ámbitos, co obxecto de garantir o desenvolvemento integral dos mozos e mozas galegos, potenciando as actitudes sociais da mocidade como un complemento necesario que vaia máis alá dos programas educativos propiamente ditos e que abarque actividades que promovan unha utilización axeitada do tempo de lecer .



Que a "Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV" (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura, número de rexistro 618 de 14/10/2004, cuxos fins resultan de beneficio para o desenvolvemento dun sector cun claro interese xeral para Galicia, xa que se trata dun proxecto singular co que se dinamizará a comarca e o sector a través do fomento e divulgación da actividade museística contribuíndo desta forma a un mellor coñecemento da industria da construción naval.

É por isto que as actuacións de EXPONAV enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

IV. Para un mellor coñecemento por parte dos mozos e mozas galegos dos estaleiros galegos, da tecnoloxía empregada, dos medios e dos barcos que se produciron e se producen en Galicia, etc, é necesario o apoio institucional e económico da Consellería de Política Social á Fundación Exponav, de xeito que o desenvolvemento das accións obxecto deste convenio repercuta de forma positiva no desenvolvemento integral dos mozos e mozas e á súa vez no dun sector tan estratéxico como é o naval galego.

E, en virtude de todo o exposto, as partes, encóntranse interesadas en formalizar o presente Convenio, que se rexerá polas seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto e orzamento*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Política Social e a fundación EXPONAV para o fomento e divulgación da súa actividade museística entre a mocidade galega, mediante o desenvolvemento de, entre outras, as seguintes actuacións :

1.- Organización e realización de visitas guiadas ao museo para centros educativos e grupos de mozos e mozas.

2.- Realización de talleres formativos na materia para mozos e mozas.

3.- Adecuación de salas e material expositivo para os fins do convenio;

4.- Realización de exposicións e outros eventos relacionados coa actividade da Fundación, tales como exposicións pictóricas, fotográficas, temas históricos, presentacións de libros, conferencias, xornadas técnicas, etc, con acceso gratuíto para os mozos e mozas galegos.

Para a realización das actividades obxecto do convenio establécese un orzamento de dezasete mil euros (17.000 €) que achegará a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.



Segunda. *Obrigas de EXPONAV*

EXPONAV comprométese a desenvolver o obxecto do presente convenio. O principal obxectivo deste proxecto é a posta en valor do continente museístico entre os mozos e mozas galegos, difundindo os recursos museísticos e bibliotecarios que posúe e contribuíndo desta forma a mellorar o coñecemento por parte da poboación moza sobre a industria da construción naval.

Para acadar o obxectivo anteriormente descrito EXPONAV desenvolverá todas as actuacións necesarias entre os mozos e mozas galegos, que serán os seus beneficiarios directos.

Así mesmo, EXPONAV deberá cumprir coas seguintes obrigas:

73 - Asumir o rol de comunicación e implicación necesaria dos distintos axentes e entidades para que se materialicen as actuacións obxecto do convenio, así como xestionar as actuacións complementarias ao proceso de desenvolvemento do proxecto.

- Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo, no período comprendido entre a data de sinatura e o 30 de decembro 2016.

 - Comunicar á Consellería de Política Social a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- Comunicar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado con antelación a realización das distintas actividades que se leven a cabo en execución do convenio, para que esta teña o coñecemento debido e manifieste a súa conformidade.

- Facer constancia expresa da colaboración da Consellería de Política Social, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e comunicación da actividade obxecto deste convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no

exercicio das actuacións anteriores, de acordo co Artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e mais concretamente no seu apartado c).

- Acreditar ante a Consellería de Política Social, con anterioridade á sinatura do presente convenio o seguinte:

- Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar exento do Imposto do Valor Engadido (IVE).

Terceira. Obrigas da Consellería de Política Social

- Asesoramento e establecemento de criterios para o deseño e execución das actividades a realizar para a súa mellor adecuación ás políticas sociais.
- Achegar a Exponav, de conformidade co disposto polos artigos 19.4.c) e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha subvención de concesión directa por importe de 17.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 12.05.313A.481.0 destinada ao financiamento dos gastos realizados das actividades realizadas, relacionadas na cláusula primeira, dentro do período comprendido entre a data da sinatura e o 30 de decembro de 2016 relacionada.



Cuarta. Contratación das actividades para executar

Ao ser a Fundación EXPONAV, Fundación sen ánimo de lucro e non ter persoal propio para facer as tarefas descritas na cláusula primeira, todas elas serán contratadas por EXPONAV de acordo coa lei.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á

contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características do gasto, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que haberán de achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Quinta. Incompatibilidade con outras axudas

O financiamento das actuacións obxecto do presente convenio será incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a menos que as axudas se destinen a unha ampliación, complemento ou mellora da actividade subvencionada.

Sexta. Xustificación

O total do pagamento da subvención á EXPONAV farase efectivo contra a presentación da correspondente documentación emitida por dita fundación, na que se xustifique debidamente a realización das actuacións e actividades que conduzan ao esperado desenvolvemento do convenio. A documentación indicada deberá axustarse ao establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A data límite para a presentación da correspondente documentación xustificativa da realización das actividades do presente convenio será o 30 de decembro de 2016. Admitiranse aqueles gastos realizados entre a data de sinatura e o 30 de decembro de 2016.

A conta xustificativa conterá, a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación xustificativa da realización das actividades obxecto deste convenio, recollendo de forma detallada o seu desenvolvemento con fotografías e material gráfico xerado, e xuntando a documentación relevante xerada neste proceso.
2. Memoria económica xustificativa asinada e selada polo responsable da entidade do custo das actuacións realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, o seu importe, data da factura e data de pagamento.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Os documentos de gasto seguirán a mesma orde que a indicada na relación clasificada de gastos.

As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. Naqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.

De ser o caso, copia das tres ofertas e memoria xustificativa ás que se fai referencia no parágrafo segundo da cláusula terceira.

No caso de licitar un procedemento de contratación que teña que tramitar a Fundación como poder adxudicador, copia de toda a documentación que forma o expediente de contratación da execución das obras o servizo (anuncio, pregos de cláusulas administrativas e a adxudicación do contrato).

Os custes indirectos poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que a Fundación impute estes á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en calquera caso, na medida en que tales custes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Neste caso, deberanse reflectir os criterios de reparto dos custes indirectos incorporados.

c) Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais –cheques–). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

23



No caso de que exista un mesmo documento de pagamento para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pagamento tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarse a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pagamento.

Non se admiten os pagamentos en efectivo, agás para a compra de pequeno material, sempre coa acreditación da factura e/ou recibín, e sempre que non se superen os 300 euros. Neste caso deberase remitir un recibín selado polo proveedor especificando, nome completo da persoa que asina, DNI e o número de factura e a data na cal o pagamento fíxose efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un desglose dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4. Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

5. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

Sétima. *Pagamento*

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os servizos técnicos da Consellería de Política Social, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar

as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

A subvención minorarase proporcionalmente se a suma dos gastos xustificadas polo beneficiario e aceptados como subvencionables é inferior ao orzamento previsto inicialmente, sempre que estea garantida a consecución do obxecto de dita subvención.

Logo da sinatura do presente convenio, de acordo co artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez asinado o convenio, poderase realizar un primeiro pagamento que terá a consideración de anticipo por importe de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €), e un segundo pagamento polo importe restante, e dicir, oito mil cincocentos (8.500,00 €), unha vez xustificada a realización das actuacións descritas na cláusula terceira, na forma e cos requisitos previstos na cláusula oitava.

Oitava. Réxime xurídico e cuestións litixiosas

O presente convenio terá carácter administrativo, correspondéndolle ao Conselleiro de Política Social a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade coa Lei reguladora de dita xurisdición.

Así mesmo, a axuda prevista neste convenio queda suxeita ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1).

Novena. Comisión de seguimento e control

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control, que estará composta por un representante de EXPONAV, e por un representante da Consellería de Política Social, que neste último

caso será a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Actuará como secretario/a un funcionario/a da Dirección Xeral.

As funcións desta comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as dúas partes asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poda xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta de Seguimento e Control.

Décima. Relación laboral coa Administración

7B

A subscripción do presente convenio non leva aparellada relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo primeira. Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende o día seguinte á súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o 30 de decembro de 2016.

Decimo segunda. Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.



- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

Décimo Terceira. *Supletoriedade*

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

Décimo cuarta. *Publicidade*

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración ao Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Décimo quinta. *Protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos no ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creados pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na actual Consellería de Política Social.

Unha vez lido o presente convenio e, en proba de conformidade, asínase por todas as partes, por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

Pola "Fundación para el Fomento del
Conocimiento de la Construcción Naval y de
las Actividades Marítimas- EXPONAV"



Francisco Javier Romero Caramelo
Francisco Javier Romero Caramelo

Pola Consellería de Política Social



Jose Manuel Rey Varela
Jose Manuel Rey Varela-